




Guía de información e
xestión ambulatoria
para o paciente cunha
drenaxe Jackson-Pratt.



Coidados da drenaxe tipo Jackson-Pratt

¿QUE DEBEMOS SABER?

CONTACTO

HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO (VIGO)
Consultas externas de Cirurxía Xeral
-RECEPCIÓN C6-

Telf.: 986811111

A drenaxe é importante para vostede co fin de asegurar a súa plena recuperación.

Cada organismo comórtase de xeito distinto, polo que hai preguntas ás que non imos poder responder:

¿Canto tempo levará a drenaxe?

¿Canto líquido producirá?

NO HAI NORMAS FIXAS

Confíe no seu cirurxián. Manterá a drenaxe o tempo que sexa necesario e indicará o momento da súa retirada definitiva ou mobilización.

- **FUNCIÓN DA DRENAXE:**

Evacuar líquidos orgánicos para evitar acumulacións e infeccións que causen abscesos (coleccións de pus) que precisen intervención.

LÍQUIDO SEROSO (amarelo pálido)

LÍQUIDO BILIOSO (verde / amarelo)

LÍQUIDO PANCREÁTICO (grisáceo)

- Eventualmente realizarse un **CONTROL RADIOLÓXICO** (TC ou ECO) para apoiar ou desestimar a retirada da drenaxe.

SE A DRENAXE QUE VOSTEDE TEN É UN JACKSON-PRATT

Estará conectado a unha bolsa que recollerá secrecións por gravidade.

É **IMPORTANTE** que a bolsa **SEMPRE** permaneza debaixo da cintura estando de pé (nunha bolsa que poderá transportar na man) e tendida no chan ao deitarse.

Ao camiñar pode levar a bolsa de xeito discreto mediante un sistema de fixación na coxa cunha banda elástica.



O FEITO DE SER PORTADOR DUNHA DRENAXE NON DEBE LIMITAR A SÚA MOVILIDADE OU ACTIVIDADE DIARIA.



INSTRUCCIÓNS DE MANEXO

- **MARQUE** cun rotulador INDELEBLE cada mañá á mesma hora o nivel acadado polo líquido colocando a bolsa en vertical. (Poña data a cada medición)
- **OBSERVE** o aspecto do líquido. Poderá cambiar co paso do tempo. Coménteo co seu cirurxián. En caso de tinte hemático (sangue): Acuda a Urxencias para avaliación.
- **EVITE** sacudidas e desprazamentos da drenaxe. Calquera mobilización inadecuada ou non supervisada pode levar a complicacións.
- **ACUDA** á revisión na data indicada polo seu cirurxián.
- **ACLARE** dúbidas con seu cirurxián.